



ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 2 DE DECEMBRO DE 2020, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DA RIBEIRA SACRA, 2ª FASE. COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. ANUALIDADE 2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS),

DECLARA:

Que o 2 de decembro de 2020 reúnense o director xeral de Vivenda e Solo do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o director xeral do IGVS, para subscribir unha serie de acordos relativos á **Área de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural da Ribeira Sacra**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Subscribir o acordo de financiamento para a realización conxunta das obras de rehabilitación e renovación de edificios e vivendas da **Área de rexeneración e renovación urbana e rural da Ribeira Sacra**, no marco do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante, Real decreto 106/2018, do 9 de marzo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento da **Área de rexeneración e renovación urbana e rural da Ribeira Sacra**, segundo o establecido no artigo 49 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e de conformidade co acordado na cláusula novena do Convenio subscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento (actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante PEV).

Que o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, regula, entre outras axudas, a relativa ao Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, que ten por obxecto o financiamento da





realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas demolidos, dentro dos ámbitos de actuación denominados Área de rexeneración e renovación urbana ou rural previamente delimitados.

Que o ámbito da actuación da Área de rexeneración e renovación urbana e rural obxecto de financiamento correspóndese co da Ribeira Sacra, integrado por 25 concellos dos cales 13 corresponden á provincia de Lugo: Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, Pantón, Paradela, A Pobra do Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao, Sober e Taboada; e 12 á provincia de Ourense: Castro Caldelas, Chandrea de Queixa, Esgos, Manzaneda, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Peroxa, Pobra de Trives, San Xoán de Río, A Teixeira e Xunqueira de Espadañedo.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia manifesta que a actuación cumpre cos requisitos establecidos no artigo 48 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, relativos á delimitación do ámbito territorial da área e aos límites de edificabilidade destinada ao uso residencial de vivenda.

Que as Administracións asinantes consideran necesario o financiamento das actuacións neste ámbito co obxecto de potenciar o uso residencial, asegurando a diversidade social e o realoxamento da poboación residente, axustándose á normativa do planeamento urbanístico vixente, aplicándose as disposicións sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e promoción da accesibilidade, así como á mellora da eficiencia enerxética dos novos edificios que deberán ter unha cualificación enerxética mínima “B”, e cumprir en todo caso coas esixencias do Código Técnico da Edificación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria.

